

ACTA DA COMISIÓN XESTORA (CX) DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO celebrada en Vigo o día 11 de agosto de 2026 ás 19:00 h.

Coa asistencia dos membros da CX que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asistentes

Motoclub Papaya – Comisión Xestora – Entidades Deportivas

Clube Sobre Rodas – Comisión Xestora – Entidades Deportivas (suplente)

Yago Martínez Nogueira – Comisión Xestora – Deportistas

Abilio Antunez Rodríguez – Comisión Xestora – Estamento de xuices e técnicos (suplente)

José Canda Rodríguez (presidente saínte) – Presidente da Comisión Xestora

Cristina Sanroman Fernández (Vicepresidenta) – Membro da Comisión Xestora

Secundino Ponte García (Tesoureiro) – Membro da Comisión Xestora

Mario Riveiro Martínez (Secretario Xeral) – Membro da Comisión Xestora.

Orde do día:

1. **Asuntos deportivos** – cambio datas no calendario.

2. **Renuncia de membros**

O secretario informa dos cambios de datas e lugares dos calendarios:

O mc Papaya comunica a cancelación do Dirt Track. Joaquin Agra, presidente do clube, explica na reunión que por expreso desexo do homenaxeado (Xacob Agra) poñen fin a mais de 20 anos organizando o evento e din que xa llo comunicaron ao concello de O Porriño.

No CG Trial, a proba de Entrimo solicitou cambio de data por falta de permisos polos incendios, aínda non comunicou nova data.

Motoclub Saltamontes solicita cambio de Culleredo para Carballo por denegación de permisos por parte do Concello de Culleredo (aporta documento). A proba cambia para as instalacións La Base (Carballo) na mesma data.

Presentan a sua renuncia a formar parte da Comisión Xestora os seguintes membros alegando que van presentar candidatura á Asemblea Xeral:

José Canda Rodríguez, presidente Comisión Xestora.

Motoclub Papaya – Comisión Xestora – Entidades Deportivas

Clube Sobre Rodas – Comisión Xestora – Entidades Deportivas (suplente)

Yago Martínez Nogueira – Comisión Xestora – Deportistas

Luis Mosquera Alvedro – Comisión Xestora – Deportistas (suplente)

Unha vez publicada a acta da Xunta Electoral coa relación definitiva dos candidatos á Asemblea Xeral no caso de figurar as suas candidaturas como definitivas a partir de ese momento a CX quedará formada por:

Cristina Sanroman Fernández (Vicepresidenta) – Presidenta CX.

Secundino Ponte García (Tesoureiro) – Membro da CX.

Mario Riveiro Martínez (Secretario Xeral) – Membro da CX.

Abilio Antunez Rodríguez – Comisión Xestora – Estamento de xuices e técnicos

En Vigo, a 11 de agosto de 2026

Asdo. Secretario Xeral

Mario Riveiro


FGM
FEDERACIÓN GALEGA
DE MOTOCICLISMO

Unha vez convocadas as eleccións, na data 14/07/2026, a xunta directiva da FGM queda disolta e asume as súas funcións a comisión xestora en base ao artigo II do decreto regulador dos procesos electorais.

Capítulo II

Órganos electorais.

Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.

2. A composición da comisión xestora da Federación Galega de Motociclismo, que estará formada por 6 vogalías máis unha presidencia, será a seguinte:

a) 3 membros elixidos pola comisión delegada ou, en caso de non existir esta, pola asemblea xeral, debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e técnicos. Esta regra de representatividade deberá observarse tanto na designación das persoas titulares coma das suplentes.

Motoclub Papaya – Comisión Xestora – Entidades Deportivas

Clube Sobre Rodas – Comisión Xestora – Entidades Deportivas (suplente)

Yago Martínez Nogueira – Comisión Xestora – Deportistas

Luis Mosquera Alvedro – Comisión Xestora – Deportistas (suplente)

Julio Canda Louzao – Comisión Xestora – Estamento de xuíces e técnicos

Abilio Antunez Rodríguez – Comisión Xestora – Estamento de xuíces e técnicos (suplente)

b) 3 membros designados pola xunta directiva antes da súa disolución entre os que se deberán incluír as persoas que exercerán as funcións de secretaría e tesourería da federación.

José Canda Rodríguez (presidente saínte) – Presidente da Comisión Xestora

Cristina Sanroman Fernández (Vicepresidenta) – Membro da Comisión Xestora

Secundino Ponte García (Tesoureiro) – Membro da Comisión Xestora

Mario Riveiro Martínez (Secretario Xeral) – Membro da Comisión Xestora.

c) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen sexa elixida para tal función. Poderá exercer a presidencia a persoa titular saínte, coa limitación regulada no apartado seguinte.

3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.

4. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Motociclismo.

5. A comisión xestora será o órgano encargado de xestión ordinaria da Federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e a súa actuación atenderá aos principios de obxectividade, transparencia e igualdade.

6. Se o proceso electoral se adiaase e afectase ó desenvolvemento da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa autorización da Secretaria Xeral para o Deporte, adoptará as medidas axeitadas para asegurar o normal funcionamento.

En Vigo, a 14 de xullo de 2026

Asdo. Secretario Xeral

Mario Riveiro

Firmado por RIVEIRO MARTINEZ, MARIO (FIRMA) el día 14/07/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005